

DOMINGO 4 ORDINARIO CICLO B

PRIMEIRA

Deut 18, 15-20

Suscitarei un profeta e poñerei as miñas palabras na súa boca

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NO LIBRO DO DEUTERONOMIO

Díxolle Moisés ao pobo:

A un profeta coma min farao xurdir o Señor, o teu Deus, no medio de ti, de entre os teus irmáns. Facédelle caso, tal como llo pediches ao Señor, o teu Deus, no Horeb o día de asemblea, dicindo:

- Non quero seguir escoitando a voz do Señor, meu Deus, nin ver máis esta grande labarada, para non morrer.

E entón o Señor díxome:

- Fixeron ben en dicir isto. Fareilles xurdir un profeta coma ti do medio de seus irmáns e porei as miñas palabras na súa boca e falaralles todo o que eu lle mande, e a aquel que non lles faga caso ás miñas palabras, as que o profeta anuncie no meu Nome, eu pedireille contas. Pero o tal profeta, se ten o atrevemento de dicir no meu Nome cousas que eu non lle mandei dicir e fala no nome de deuses alleos, entón morrerá ese profeta.

SALMO RESP. Sal 94, 1-2. 6-7. 8-9

R/ (8): ¡Se escoitádes hoxe a súa voz! Non endurezades o corazón,

Vide, cantémoslle ao Señor,
Aclamemos a nosa rocha salvadora;
acheguémonos á súa presenza con louvanza,
aclamémolo con cancións.

Vide, adorémolo prostrados,
axeonllémonos ante o Señor, que nos creou.
El é o noso Deus
e nós somos o seu pobo,
o rabaño que guía a súa man.
¡Se escoitádes hoxe a súa voz!

Non endurezades o corazón, coma en Meribah,
coma o día de Masah, no deserto,
cando vosos pais me tentaron,
provocáronme aínda que viran os meus feitos.

SEGUNDA

1 Cor 7, 32-35

A virxe considera o que corresponde a Deus para ser santa

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NA PRIMEIRA CARTA DE SAN PAULO APÓSTOLO AOS CORINTIOS

Irmáns e irmás:

Eu quixera vervos libres de preocupacións. O non casado preocúpase das cousas do Señor, da maneira de lle agradar. Pero o casado preocúpase das cousas do mundo, da maneira de lle agradar á muller; e así está repartido. A muller non casada, o mesmo cá rapaza solteira, preocúpanse das cousas do Señor, procurando seren santas de corpo e alma. Pero a casada preocúpase das cousas do mundo, da maneira de lle agradar ao seu home. Dígovos isto polo voso propio interese, non para vos amarrar botándovos un lazo; ao contrario, para vos guiar no que é honesto e leva sen divisións ao Señor.

ALELUIA Mt 4, 16:

O pobo asentado nas tebras viu unha inmensa luz
e para os asentados na rexión e na sombra da morte amenceu a luz

DOMINGO 4 ORDINARIO CICLO B

EVANXEO Mc 1, 21-28

Ensinábaos coma quen ten autoridade

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MARCOS

Daquela viñeron a Cafarnaúm, e, ao chegar o sábado, Xesús púxose a ensinar na sinagoga.

Todos estaban abraiados da súa doutrina, pois ensinaba coma quen ten autoridade, non coma os letrados. E cadrou que había naquela sinagoga un home posuído por un mal espírito, e púxose a berrar:

- Que temos que ver contigo, Xesús de Nazaret? Seica viñeches para acabar connosco? Ben sei quen es ti: ti es o Santo de Deus.

Xesús mandoulle:

- Cala, e bótate fóra dese home.

O espírito malo sacudiuno, pegou un berro moi alto e saíu del. Todos ficaron pasmados, e discutían entre si, dicindo:

- Que é isto? Unha nova doutrina, e con autoridade; enriba, dálles ordes aos espíritos malos, e eles obedéceno.

E a súa sona espallouse de contado por toda a rexión de Galilea.